

Axudas individuais a persoas con discapacidade para servizos de promoción da autonomía persoal

Esta axuda está destinada a adquisición dun servizo para unha persoa con discapacidade. A determinación do importe das axudas para a adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal establécese en función da intensidade do servizo e dos custos unitarios

Requisitos das persoas beneficiarias

- a. Persoas que teñan recoñecido un **grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %**. Considéranse tamén así os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha **pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez**, e os **pensionistas de clases pasivas** que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade
- b. Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c. Ter unha renda per cápita da unidade familiar de convivencia, calculada nos termos previstos no artigo 9, que non supere o 300 % do [IPREM](#) establecido para o ano 2018.
- d. Cumprir os requisitos establecidos con carácter xeral para obter a condición de persoa beneficiaria de subvencións no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SE VOSTEDE CREE QUE TEN DEREITO A ESTA AXUDA ACUDA OS SERVIZOS SOCIAIS

COMUNITARIOS DO CONCELLO (MARTES E VENRES DE 10:00 A 14:00)